



CCOO INFORMA

OPE 2016

Santiago a 10 de maio de 2016

Mañá 11 de maio publicarase no DOG o anuncio polo que se fai público o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición da OPE das categorías de enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía, fisioterapeuta, logopeda, terapeuta ocupacional, técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía, técnico/a superior en hixiene bucodental, técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico, técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico, técnico/a superior en radioterapia, técnico/a en coidados auxiliares de enfermería e técnico/a en farmacia.

Os exames terán lugar os próximos días 28 e 29 de maio, no Recinto da Feira Internacional de Galicia (Silleda-Pontevedra), nas seguintes datas e horas:

Data	Categoría	Hora
Sábado, 28 de maio de 2016	Logopeda	9:30
	Técnico/a en farmacia	9:30
	Técnico/a superior en radioterapia	9:30
	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría	16:30
Domingo, 29 de maio de 2016	Fisioterapeuta	9:30
	Técnico/a superior en hixiene bucodental	9:30
	Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico	9:30
	Enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía	16:00
	Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía	16:00
	Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico	16:00
	Terapeuta ocupacional	16:00

Na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) publicaranse as distintas portas de acceso ao recinto de realización das probas así como os/as aspirantes comprendidos/as en cada unha delas. As persoas aspirantes deberán comprobar, con carácter previo, a porta de acceso que lles corresponde.

Non se permitirá o acceso das persoas aspirantes ao interior do recinto con dispositivos de telefonía móbil ou soportes con memoria. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles. O venres, 13 de maio publicaranse as puntuacións definitivas da fase de oposición da OPE das categorías de médico/a de familia e enfermeiro/a, declarándose finalizada así a fase de oposición.

Para máis información acude á túa sección sindical de CCOO